



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Programación de proba libre de módulo profesional

Módulo: Hixiene do Medio Hospitalario e Limpeza do Material

Profesor/a:

- **María Dorinda Teijeiro González**
- **Katya Sabrina Cifelli Conde**
- **Cristina Cotelo Romar**

Curso: 2025 – 2026

CIFP: Leixa



Índice

1	Identificación da programación	3
1.1	Centro educativo	3
1.2	Ciclo formativo.....	3
1.3	Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*).....	3
1.4	Profesorado responsable	3
2	Capacidades terminais elementais e contidos.....	3
2.1	Primeira parte da proba.....	3
2.1.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan	3
2.1.2.	Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades elementais terminais por parte do alumnado	3
2.2	Segunda parte da proba.....	4
2.2.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan	4
2.2.2.	Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado	4
3	Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....	5
4	Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento.....	5
4.1	Primeira parte da proba.....	5
4.2	Segunda parte da proba.....	6



1 Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
150211469	CIFP Leixa	Ferrol	2025-2026

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CM19001	Coidados auxiliares de enfermaría	Medio	Proba libre

1.3 Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Horas anuais
CM0304	Hixiene do medio hospitalario e limpeza do material	160+26

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

1.4 Profesorado responsable

Profesores asignados ao módulo	María Dorinda Teijeiro González, Katya Sabrina Cifelli Conde e Cristina Coteló Romar
---------------------------------------	--

2 Capacidades terminais elementais e contidos

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo	
1.	Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas
2.	Aplicar as técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
3.	Esteriliza-los materiais e instrumentos sanitarios, realiza-los controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.
4.	Utiliza-las medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.
5.	Diferencia-los compoñentes da unidade do paciente e analiza-las condicións hixiénico-sanitarias que deben cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
6.	Realiza-la preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridades establecidos.
7.	Selecciona-los medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recolleita adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudo solicitado.
8.	Realizar e elimina-los refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

2.1.2. Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades elementais terminais por parte do alumnado

Contidos do currículo	
1.	Prevención-control de infeccións hospitalarias. Infección e enfermidade transmisible. Cadea epidemiolóxica. Prevención de enfermidades transmisibles. Infeccións hospitalarias.
2.	Limpeza de material e utensilios. Hixiene do medio hospitalario. Material refugable e non refugable. Limpeza de material sanitario: manual e mecánica.
3.	Desinfección do material. Principios básicos e dinámica da desinfección. Métodos de desinfección: físicos e químicos. Mecanismos de acción de desinfectantes.
4.	Esterilización do material. Principios básicos e dinámica da esterilización. Métodos de esterilización: físicos e químicos. Métodos de control de esterilización: mecánicos, químicos, biolóxicos. Rexistros gráficos.
5.	Unidade do paciente. Estrutura xeral e composición da unidade do paciente. Factores ambientais. Medios materiais e instalacións fixas que a compoñen. Instalacións e equipos en función do tipo de servizo. Tipos de cama hospitalaria. Accesorios. Roupa de cama. Berces e incubadoras.
6.	Enfermidades susceptibles de illamento. Enfermidades susceptibles de illamento. Tipos de illamento.
7.	Residuos clínicos e toma de mostras. Tipos de mostras biolóxicas. Técnicas de recolleita e de eliminación. Tipos de refugallos clínicos.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo	
1.	Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.
2.	Aplicar as técnicas de limpeza e desinfección ós materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
3.	Esteriliza-los materiais e instrumentos sanitarios, realiza-los controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril.
4.	Utiliza-las medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente.
5.	Diferencia-los compoñentes da unidade do paciente e analiza-las condicións hixiénico-sanitarias que deben cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
6.	Realiza-la preparación de berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridades establecidos.
7.	Selecciona-los medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recolleita adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudo solicitado.
8.	Realizar e elimina-los refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

2.2.2. Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Contidos do currículo	
1.	Prevención-control de infeccións hospitalarias. Aplicación básicas de hixiene. Lavado de mans. Aplicación de técnicas para vestirse asépticamente. Responsabilidade na prevención de enfermidades transmisibles. Hábito de utilización das técnicas básicas de hixiene.
2.	Limpeza de material e utensilios. Aplicación de técnicas de limpeza: material cirúrxico, material de plástico, material metálico e de vidro, aparellos e carros de curas. Verificación do proceso de limpeza e acondicionamento do material limpo. Conservación. Rigor na aplicación das técnicas de limpeza e acondicionamento do material. Responsabilidade no coidado e conservación do material.
3.	Desinfección do material. Aplicación dos métodos físicos de desinfección. Utilización de desinfectantes. Hábito de uso de equipos de desinfección. Rigor na aplicación das técnicas de desinfección.
4.	Esterilización do material. Aplicación de técnicas de esterilización: físicas e químicas. Aplicación de técnicas de almacenamento e conservación do material estéril. Valoración da importancia do proceso de esterilización. Rigor na aplicación das técnicas de esterilización.
5.	Unidade do paciente. Aplicación de técnicas de limpeza e hixiene da unidade do paciente. Utilización de técnicas para face-la cama hospitalaria: desocupada, ocupada e cirúrxica. Limpeza e preparación de berces e incubadoras. Respecto pola intimidade do paciente e preocupación polo seu benestar.
6.	Enfermidades susceptibles de illamento. Aplicación de técnicas de illamento: hospitalario e domiciliario. Consciencia da situación do paciente illado e da dos seus familiares.
7.	Residuos clínicos e toma de mostras. Recolleita de mostras biolóxicas. Manipulación, transporte, conservación e eliminación. Recolleita e eliminación de refugallos clínicos. Responsabilidade na manipulación de mostras biolóxicas e residuos clínicos.

3 Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

Serán mínimos exigibles todos os contidos referidos anteriormente para cada parte da proba.

Criterios de cualificación:

Seguindo o indicado na orde do 5 de abril de 2013, a proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

Primeira parte da proba:

Esta primeira parte versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos terminais establecidas na programación. Será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais, sendo necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Terá carácter eliminatorio de tal xeito que as persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

Segunda parte da proba:

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá en varios supostos prácticos do módulo de Hixiene do medio hospitalario e limpeza do material, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos establecidos na programación para esta parte. O/A profesor/a calificará esta segunda parte de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais e será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar a mesma. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final desta segunda proba será a media aritmética dos supostos prácticos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final:

A cualificación final deste módulo obterase da media aritmética da cualificación acadada en cada unha das partes (primeira parte da proba e segunda parte da proba), expresadas con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, sempre que se acade un mínimo de 5 puntos en cada proba.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.



4 Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Características da proba: poderá consistir nunha proba escrita de preguntas curtas e/ou tipo test (con 4 posibles respostas das cales so unha é a correcta) e/ou verdadeiro ou falso e/ou de completar e relacionar. No caso das preguntas tipo test, cada resposta incorrecta descontará unha puntuación a especificar nas instrucións da proba escrita. As preguntas non respostadas non restarán. Esta parte versará sobre unha mostra significativamente representativa dos contidos establecidos na programación.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indeleble
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo

Duración da proba: A duración da proba teórica será como máximo de 120 minutos (2 horas).

Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil acendido, reloxos intelixentes, nin dispositivos que permitan a gravación, reprodución, transmisión ou recepción de datos, imaxes ou son.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións.
- Deberase rodear con un circulo a resposta correcta, no caso de erro o marcar unha opción poñerase unha cruz e marcarase a correcta
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula ou sacar fotos
- O pelo deberá estar recollido e os pavillóns auditivos debes estar visibles.
- Non se permitirá o uso de correctores tipo *Tippex*.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes.

4.2 Segunda parte da proba

As persoas que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais establecidos na programación para esta parte.

Características da proba: Consistirá en varios supostos prácticos, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa das capacidades terminais establecidas na programación desta parte, segundo unha ficha guía que se entregará ó estudante coas actividades e tarefas que debe realizar. O docente irá revisando *in situ* o desenvolvemento das tarefas anotando nunha folla de rexistro o nivel de consecución de cada unha delas, apoiando ao estudante na súa realización coas indicacións que precise. Cada suposto práctico valorarase de 1-10 e será necesario sacar un mínimo de 5 en cada un para superar esta proba. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final da proba práctica será a media aritmética dos supostos prácticos realizados.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo
- Casaca ou bata de traballo
- Calquera material adicional que faga falla para o desenvolvemento da proba será aportada polo cento educativo

Duración da proba: A duración da proba teórica será como máximo de 120 minutos (2 horas).

Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil acendido, reloxos intelixentes, nin dispositivos que permitan a gravación, reprodución, transmisión ou recepción de datos, imaxes ou son.
- Hixiene persoal para o centro de traballo (pelo recollido, sen aneis, sen pendentes, sen pulseiras nin reloxos, unllas curtas e sen verniz...) o uso da bata de laboratorio ou casaca de pixama sanitario é imprescindible.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes.